

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### Champollion e a pedra de Rosetta

Hai máis de 200 anos, nunha localidade exipcia chamada Rosetta, uns soldados do exército francés atoparon unha pedra moi especial. Era de basalto de cor negra intensa e tiña impresos tres textos: un en grego, outro nunha lingua exipcia moi antiga e o terceiro estaba composto por xeroglíficos.

O francés Jean-François Champollion dedicou dez anos da súa vida a descifrar o misterio da pedra. El foi quen descubriu o significado de cada un dos símbolos que constituían a escritura xeroglífica.

O seu descubrimento foi moi importante, porque grazas a el conseguíuse a chave que abría as portas do fascinante mundo do antigo Exipto.



#### **1** Le o texto e contesta.

- Que é a pedra de Rosetta? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Como é? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Quen a atopou? \_\_\_\_\_
- Quen a descifrou? \_\_\_\_\_
- Para que serviu este descubrimento? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**2** Busca información sobre a pedra de Rosetta. Elixes as datas que son correctas.

- A pedra de Rosetta atopouse no ano 1799 d.C.
- A pedra de Rosetta atopouse no ano 2002 d.C.
- A pedra de Rosetta contén un texto do ano 1525 a.C.
- A pedra de Rosetta contén un texto do ano 196 a.C.

**3** Observa esta liña do tempo e contesta.

Anos → 2006    2007    2008    2009    2010    2011    2012    2013    2014    2015



- De que nos informa esta liña do tempo?  
\_\_\_\_\_
- Que dirección ten a liña?  
\_\_\_\_\_
- Que representa cada tramo da liña do tempo?  
\_\_\_\_\_
- En que ano comeza? \_\_\_\_\_
- En cal acaba? \_\_\_\_\_
- Onde se sitúa o acontecemento máis antigo? \_\_\_\_\_
- E o máis recente? \_\_\_\_\_
- A que idade comezou Eva a tocar o piano? \_\_\_\_\_